

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1010DI	Expediente CON/12/2016	

15078DCON1010DIk



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2016".

TIPO DE LICITACIÓN: 32.300 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 26 de abril de 2016, ás 9:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vocales: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
 Dna. María José Castro, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	21-04-2016	18729	CASA TABOADA S.C.
2	21-04-2016	18737	CATERING VALENCIAGA
3	21-04-2016	18770	GUTIER DOMINGOS PENAS TABOADA
4	22-04-2016	19006	VELOSO&IGLESIAS S.L.

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración. A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	CASA TABOADA S.C.	17,20
2	CATERING VALENCIAGA	18,20
3	GUTIER DOMINGOS PENAS TABOADA	17,50
4	VELOSO&IGLESIAS S.L.	17

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0DI	<i>Expediente</i> CON/12/2016	

15078DCON10I0DIk



Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.

As 9:15 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0DI	<i>Expediente</i> CON/12/2016	



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: CASA TABOADA, S.C.

LICITACIÓN: Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2016".

TIPO DE LICITACIÓN: 32.300 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 26 de abril de 2016, ás 9:15 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Concepción Fernández Fernández
Vocales: D. Xan Duro representante do grupo CA.
Dna. María José Castro representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
D. Enrique Vázquez Naveira, Director de Festas
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Alejandro José González Carneiro e Dna. M^a Purificación Carneiro Parada.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **CASA TABOADA, S.C.** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de 17 € máis IVE. por menú..**

Sendo as 9:16 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

Asdo.: D. Alejandro José González Carneiro
Representante da empresa CASA TABOADA, S.C.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0DI	<i>Expediente</i> CON/12/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016".

TIPO DE LICITACIÓN: 32.300 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 26 de abril de 2016, ás 9:20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vocales: D. Xan Duro, representante do grupo CA.
Dna. María José Castro, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Logo de analizar os resultados dos actos individualizados de negociación levados a cabo cos distintos licitadores admitidos, resulta que as empresas CASA TABOADA SC e VELOSO&IGLESIAS SL empatan como oferta máis vantaxosa, ó ofrecer as dúas un importe de 17 euros por menú sen IVE. En consecuencia e en aplicación do disposto na disposición adicional cuarta do TRLCSP, e tal e como se recolle no prego de aplicación, requirirase a ambas empresas para que, no prazo máximo dun día, acrediten o número de traballadores con discapacidade que teñen no seu persoal.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0DI	<i>Expediente</i> CON/12/2016	

15078DCON10I0DIk



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2016".

TIPO DE LICITACIÓN: 32.300 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 28 de abril ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocais: Dna. María José Castro, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Informados os membros da mesa de que as empresas empatadas na súa oferta económica non acreditaron dispor entre o seu persoal de traballadores con discapacidade, toma a palabra o director da asesoría xurídica para informar que ante esta situación, compre aplicar o disposto no artigo 87.2 do RXLCAP que sinala que este empate entre dúas proposicións económicas resolverase por sorteo.

A estes efectos convocouse os dous licitadores afectados a asistir ó acto público do mesmo, estando presente D. Alejandro José González Carneiro, en representación de CASA TABOADA SC. Decídese levar a cabo o sorteo da forma máis sinxela e transparente, introducindo dúas papeletas co nome de cada empresa nunha caixa, resultando gañador o licitador que resulte escollido en primeiro lugar.

Finalmente, do desenvolvemento deste pequeno proceso resulta proposta a empresa CASA TABOADA SC, polo que a mesa acorda:

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **CASA TABOADA SC**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un prezo para cada comida de **17 euros** máis IVE (10%: 1'70 euros), e ata un gasto máximo previsto, polo tanto, de 28.900 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9: 15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0DI	<i>Expediente</i> CON/12/2016	

15078DCON10I0DIK



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016".

TIPO DE LICITACIÓN: 32.300 euros euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de cntratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 3 de maio ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Branca Novo Rey.

Vocales: Dna. María José Castro, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, analizan a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **CASA TABOADA SC**.

Considerándose correcta a documentación aportada, suscítase unha dúbida xurídica ó respecto da acreditación da súa solvencia económica, a tenor da dificultade de cumprir estrictamente os requirimentos do prego por ser unha empresa de recente creación e ante a ausencia de regulación ó respecto na actual lexislación de contratos.

Sin embargo, analizada en detalle a documentación, así como a resolución do Tribunal central de recursos contractuais 288/2015 que se incorpora ó expediente, e contando co informe verbal favorable do director da asesoría xurídica, a mesa considera acreditada a solvencia económica coa presentación do seguro de responsabilidade civil profesional, dada a forma xurídica de sociedade civil da empresa, contando tamén coa documentación contable aportada que permite deducir o cumprimento dos parámetros sobre volumen de negocios.

Polo tanto, ratifícase a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

